

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2018

### Lista de asistentes

#### Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

#### Secretaria e representante do PAS

Josefina T. Cadilla Lomba

#### Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

#### Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

#### PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

#### Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria

#### Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

#### Desculpan a súa ausencia

#### Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

#### PDI

López Díaz, María

#### Estudantes egresados

Marta López López

Na sala de profesorado do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 27 de setembro de 2018, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de xullo de 2018.

2. Informe da presidenta.

3. Validación, se procede, dos seguintes asuntos relacionados co Sistema de Garantía de Calidade:

a. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados co plan anual de avaliación de usuarios e usuarias (PAESU):

i. Proposta (R1 MC-05 P1), Documento vixente (R2 MC-05 P1) e Fichas do curso 2018/2019 (R3 MC-05 P1, P2 e P3).

ii. Informe de resultados do curso 2017/2018 (R4 MC-05 P1).

iii. Informe de seguimento do curso 2017/2018 (R5 MC-05 P1).

b. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados coa planificación da docencia.

i. Informes de accións de coordinación do grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018. (R1 DO-0201 P1).

ii. Informes de accións de coordinación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do curso 2017/2018 (R1 DO-0201 P1).

iii. Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).

c. Prórroga dos criterios de asignación das prácticas externas do curso 2018/2019 (R1 DO-0204 P1).

d. Aprobación, se procede, do informe do PAT do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2017/2018 (R2 DO-0203 P1).

4. Rolda de intervencións.

Da comezo a decana á sesión ordinaria da Comisión de Calidade dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa ausencia e que figuran á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de xullo de 2018.**

Apróbase por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza dando conta de que se cubriron as 40 prazas que se ofertaban para o alumnado de primeiro curso do Grao en Xeografía e Historia, sen necesidade de ter que realizar os chamamentos que a CIUG fai no mes de setembro. En relación ao programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Turismo e Grao en Xeografía e Historia indica que pechou xa no primeiro chamamento, e rexistrou unha matrícula de 12 persoas, explica, que sempre se chama a máis xente que número de prazas debido a que hai unha determinada porcentaxe de alumnado que non se matricula ou anula matrícula.

Para o profesor Antonio Presedo é un dato moi importante porque son estudantes que se incorporan en tempo e forma. A decana mostra tamén a súa satisfacción pola gran repercusión que tivo na prensa este número de matrícula na titulación e informa de que hai unha porcentaxe moi alta de persoas da provincia de Pontevedra, que son o resultado das campañas de promoción realizadas. Aproveita para dar a nora boa ao membro da Comisión, Begoña Garrido, pola estar vinculada á campaña de presencialidade.

Comenta que xa se recibiu a resolución das alegacións presentadas ao informe de acreditación do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural, indicando que non se atenderon a ningunha, quedando valorados os distintos criterios cun B, aclara que se trata dunha moi boa cualificación.

Informa que xa foron nomeados os coordinadores do PAT de cada curso: de primeiro Ladislao Castro Pérez, de segundo Antonio Presedo Garazo, de terceiro Susana Reboreda Morillo e de cuarto María López Díaz. O profesor Antonio Presedo anima a que se presenten outras persoas e que non se repitan sempre os mesmos nomes.

Comenta que se solicitou a acreditación institucional do centro. Trátase dun procedemento automático realizado de oficio por parte da Área de Calidade da Universidade de Vigo e non implica un proceso asociado. Deste xeito conséguese,

entre outras cousas, gañar un ano no proceso de acreditación do mestrado, é dicir agora en lugar acreditarse aos catro anos será aos cinco. Mantivo unha conversa con un dos técnicos de calidade que lle lembrou que o centro leva xa un ano coa certificación do sistema e convén que se vaian implementando as melloras suxeridas no informe que dependan do centro. Xa o comentou con Antonio Presedo e van comezar con este proceso a partir de agora que se pecha, nesta xuntanza, a axenda do curso 2017/2018.

### **3. Validación, se procede, dos seguintes asuntos relacionados co Sistema de Garantía de Calidade:**

Todos estes documentos entregáronse aos membros desta Comisión coa convocatoria

#### **a. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados co plan anual de avaliación de usuarios e usuarias (PAESU).**

Explica que este plan consiste en coñecer a opinión do estudantado sobre a dinámica do curso, e que mecanismos propios ten o centro para levarlos a cabo. En concreto. Se trata de reunións periódicas cos representantes do alumnado tanto presencial como semipresencial do Grao e do programa conxunto.

##### **i. Proposta (R1 MC-05 P1), Documento vixente (R2 MC-05 P1) e Fichas do curso 2018/2019 (R3 MC-05 P1, P2 e P3).**

A novidade con respecto o curso anterior é a implementación da xuntanza co estudantado do plan conxunto, coa súa correspondente ficha. Apróbanse por asentimento.

##### **ii. Informe de resultados do curso 2017/2018 (R4 MC-05 P1).**

No pasado curso, leváronse a cabo todas as accións sen incidencias. Apróbanse por asentimento.

##### **iii. Informe de seguimento do curso 2017/2018 (R5 MC-05 P1).**

No pasado curso, leváronse a cabo todas as accións sen incidencias. Apróbanse por asentimento.

#### **b. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados coa planificación da docencia.**

**i. Informes de accións de coordinación do grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018. (R1 DO-0201 P1).**

Apróbanse por asentimento.

**ii. Informes de accións de coordinación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do curso 2017/2018 (R1 DO-0201 P1).**

Apróbanse por asentimento.

**iii. Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).**

Este procedemento foi revisado e aínda que o principal mantense, mudaron algúns aspectos seguindo o obxectivo deste centro que consiste en simplificar e que as accións do Sistema reflexen a realidade. Así por exemplo optouse por redacción máis asumible e eliminouse a obrigatoriedade de asinar o parte de sinaturas cando haxa saídas de estudo.

Apróbase por asentimento.

**c. Prórroga dos criterios de asignación das prácticas externas do curso 2018/2019 (R1 DO-0204 P1).**

Dado que o procedemento actual cubre as expectativas e a espera de posibles cambios na normativa propónse a prórroga do mesmo. Apróbanse por asentimento.

**d. Aprobación, se procede, do informe do PAT do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2017/2018 (R2 DO-0203 P1).**

Este informe realizouno o coordinador do PAT deste título, Adolfo Fernández, e aínda que non inclúe as fichas do procedemento, manifesta a interacción entre alumnado e coordinador e os canles de comunicación para resolver as problemáticas planteadas. Apróbase por asentimento.

#### **4. Rolda de intervencións.**

Intervén Fermín Pérez, coordinador do Máster en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, para explicar o estado da matrícula no título. Indica que se ben ata o de agora co primeiro e segundo prazo, xa se cubrían as prazas e quedaba xente na lista de agarda, este curso académico a tendencia mudou, houbo aproximadamente 28 preinscricións pero soamente

13 formalizaron matrícula. Polo tanto foi necesario abrir o terceiro prazo que finalizou onte e hai 7 preinscritos. No suposto de que esas 7 solicitudes formalicen matrícula chegaríase ao mínimo de 20 esixido pola Xunta.

O día 21 de setembro chegou unha comunicación do novo director de área de posgrao na que se lles indicaba o que sigue:

*Estimados/as coordinadores/as de máster: A presente comunicación ten que ver coa solicitude de suspensión, definitiva ou temporal, da impartición dos estudos de mestrado, que incorran en calquera dos supostos previos no RD 1393/2007. Nesta ocasión, a causa de referencia é a disposta no artigo primeiro, punto 3: Que non exista demanda suficiente de matrícula, en función do número mínimo necesario, establecido pola normativa vixente. Lembremos que, en caso de solicitar a suspensión, este título non poderá impartirse o próximo ano e poderá reactivarse ao seguinte. En caso de non facerse, procederase á extinción do mesmo. É importante apuntar que calquera procedemento deste tipo deberá respectar escrupulosamente os dereitos adquiridos do alumnado matriculado con anterioridade á solicitude de suspensión. Devanditos dereitos contémpanse na “Normativa de Suspensión e Extinción de estudos de mestrado” que se adxunta a este correo. A solicitude de suspensión deberá facerse, desde o centro e dirixida á COAP. O prazo máximo para a dita solicitude é o 2 de outubro de 2018.*

O coordinador mostra a súa preocupación porque a matrícula finaliza o día dez de outubro, e antes desa data non se poderán tomar decisións. A decana, indica que isto forma parte do procedemento de suspensión do sistema de calidade e sería o centro quen tería que solicitalo, en calquera caso non o fará ata que evidentemente acabe o prazo de matrícula. Intervenían varias persoas para explicar que a oferta de mestrados da Universidade de Vigo é moi ampla e que iso xera graves problemas para cubrir todas as prazas ofertadas.

Finaliza o coordinador facendo referencia ás titulacións de orixe das persoas matriculadas, e ás súas localidades de procedencia. Destaca o elevado número de arquitectos matriculados e a presenza de varios graduados en arqueoloxía que realizan o mestrado desde Cataluña.

Pide tamén a palabra o representante do alumnado Juan Manuel Galiña para incidir nos problemas de calefacción e de aire acondicionado existentes no edificio. Todos os membros comparten a súa opinión. A decana recoméndalle que cando se lles presenten eses problemas deberán falar co persoal de conserxería para tentar arranxalo. O edificio é moi pouco eficiente desde o punto de vista enerxético.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.55 h do día 27 de setembro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.



A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba